

# PROPOSTAS EDUCATIVAS:

## LECTO-ESCRITURA

### + NOSO NOME:

- Decoramos as plantillas que temos na casa do noso nome como máis nos guste
- Contamos cantas letras ten, como se chama a nosa “capitana” (inicial).
- Facemos o son que ten a nosa capitana
- Pensamos se algún nome doutro compañeiro/a comeza pola mesma letra.
- Xogamos coas plantillas do noso nome (as tedes no documento adxunto), recortamos as letras e pegámolas no cuadrado correspondente, as desordeamos e as colocamos na orde correcta; se non temos a opción de imprimir podemos escribilo nós nunha folla e facer o mesmo), podemos intentar escribir as nosas letras (non importa que fagan garabatos, estamos iniciándonos e o importante e que comecen a ter contacto coa escritura dunha maneira lúdica)
- Se se te ocorre outra forma de xogar co teu nome ¡Sé creativo! E faino.

### EXEMPLO :

A	N	A

### **✚ ABECEDARIO CASERO:**

Cos elementos que atopemos por casa creamos un abecedario casero (podemos centrarnos nas letras do noso nome) Deixade voar a vosa imaxinación e creatividade.



### **✚ DESCUBRE A MENSAXE SECRETA:**

Esta actividade é moi divertida e máxica para as nenas/os. Consiste en escribir nun folio BRANCO con un plastidecor/cera BRANCA o seu nome/palabra que creáis que pode recoñecer. Propoñerlle pintar con acuarelas ou co que prefiran nun papel máxico...o pintar sobre o plastidecor/cera a mensaxe secreta irá aparecendo e terán que descubrir qué es.



### **✚ “MEMORY” DE LETRAS:**

Esta proposta consiste en xogar o memory pero utilizando as letras. Podemos crearlas con folios. Recomendovos xogar coas letras do seu nome para que a actividade teña significatividade para eles/las.

<http://www.chiquiplanet.com/memory/letters.html>

# LÓXICA- MATEMÁTICA

## **TRAZOS:**

Para realizar esta proposta precisamos cortar anacos de cartón en líneas rectas e curvas. Primeiro podemos clasificalas e separalas. Despois con eses anacos de cartón deben intentar crear a grafía dos números.(1, 2 e 3)



## **ASOCIAR GRAFÍA CANTIDADE**

Esta actividade consiste en crear un puzzle con cartón. Os nenos/as teñen que encontrar as pezas correctas para que concorde a cantidade coa grafía das pezas.(1,2,3).



## **XOGAMOS COASCARTAS.**

Esta actividade ten moitas posibilidades:

- Clasificar por cores ou palos, depende das cartas que usedes.




- Clasificar por números, todos os mesmos números xuntos . Ordenación da recta numérica: polo de agora soamente 1,2,3... \*Se non tedes cartas, pódense facer con folios ou cartón .

### ✚ LÓXICA/XEOMETRÍA:

Esta actividade consiste en crear un cadro de dobre entrada diferenciando color e forma.

Os/as peques deben colocar cada figura no sitio correspondente. Aproveitamos para verbalizar o nome das figuras xeométricas básicas, polo de agora: círculo, cadrado, triángulo.



## EXPERIMENTOS-INVESTIGACIÓN

### ✚ EXPERIMENTO DO CORONAVIRUS PARA NENOS/AS.

Podedes facer este sinxelo e divertido experimento para mostrar ós nenos/as a importancia de lavarse as mans.

Deixóvos o enlace onde podedes velo:

<https://www.youtube.com/watch?v=SQ1tUzyib8U>

### ✚ PLASTILINA CASERA

Para elaborara nosa propia plastilina precisamos 2 tazas de fariña, 2 de auga, 1 de sal fina e colorante alimenticio. Mesturamos a fariña, o sal e a auga nunha olla antes de poñela a quentar. Poñémola a ulme lenta e removemos sen parar. Cuando a masa estea espesa, deixámola enfriar un pouco. Amasamos ben e engadimos 2 cucharas soperas de aceite.

Volvemos amasar ben. Cando veamos que ten unha textura suave dividimos a masa en 6/7 bolas. Aplastámolas un poco e facémoslles un buraco no medio, onde poremos unhas gotas de colorante alimentario. Mesturamos ben amasándoas e xa temos a plastilina.



### **ARCO DA VELLA MÁXICO**

Este experimento é moi divertido. Trátase de cortar un trozo de papel de cociña en forma de arco da vella.

Pintaremos un trozo da parte de abaixo do arco da vella de cores. Meteremos as puntas nos vasos de auga observaremos como de forma máxica o arco da vella vaise enchendo só mentres as cores van recorrendo o papel.



# ARTE

## ✚ ÁRBORES DE OUTONO

Imos a crear árbores de outono. Precisamos unha botella de plástico, un folio/cartulina onde os nenos/as debuxarán o tronco da árbore. A técnica que imos usar é a estampación, neste caso co cu da botella. (Usar cores propias do outono)



## ✚ PINTAMOS CON BURBULLAS

Para realizar esta técnica imos mesturar auga con xabón neutro e o colorante alimenticio que queiramos. Cos palitos pompeiros faremos pompas encima da cartulina e cando exproten quedarán marcadas no papel.



## ✚ ¿DEBUXAMOS O NOSO RETRATO?

Esta actividade é moi simple e divertida. Para realizala precisamos unha funda de plástico e un rotulador escuro. O/A peque pon a funda na cara de algún/a familiar e intenta debuxar os seus rasgos faciais, logo xogades á inversa.



### **PINTAR CON FÍOS**

Nesta proposta imos cambiar as cores e pinceis por fíos. Consiste en preparar un folio dobrado pola metade, os nenos/as mollarán o fío en pintura e poranno nunha parte do folio, pecharanno e nese momento estirarán o fío.



### **CREACIÓN DE FLORES**

Para facer esta composición precisamos cartón/folios/cartulinas, calquera tipo de pasta que teñades por casa para simular os pétalos, fío/limpiapipas/lá para crear o tallo e as follas e pintura para crear o centro da flor. Cada neno/a que as cree como máis lle guste usando a súa creatividade e imaxinación. Esta é solo unha proposta.

## **MOTRICIDADE FINA**

### **RESCATA OS OBXECTOS**

Esta actividade consiste en utilizar unha bandeja/caixa e poner moitos fíos/lá/cordas para impedir que os nenos/as poidan sacar os obxectos con facilidade. Cunha pinza intentarán rescatar os obxectos. Para complicalo un pouco podemos ir dándolles indicacións: soamente hai que sacar os de cor azul, agora os máis grandes, etc.



## ✚ SEGUE O CAMIÑO

Para realizar esta actividade precisamos un cartón e palillos. Primeiro decoraremos os palillos de cores. Despois crearemos diferentes líneas enriba do cartón.

Os nenos/as teñen que ir punzando enriba da línea para conseguir completala.



## ✚ ¿PODES CHEGAR Á META?

Esta manualidade é moi sinxela e divertida. Trátase de crear 3 camiños con trazos diferentes e facer un buraco ó final. Precisamos chapas, que podemos decoralas para indicar cal vai en cada camiño. Ademais pegaremos un pequeno imán a un palo depresor. A actividade consiste en dirxir a chapa polo seu camino colocando o palo depresor co imán debaixo do cartón vendo como cando a man que ten o palo móvese, a chapa tamén avanza.





## **A PELOTA MOVEDIZA**


Para crear este xogo precisamos unha caixa de cartón (zapatos) e rolos de papel hixiénico/cociña. Cortaremos e decoraremos os anacos de rolo e lles asignaremos un número. Pegarémolos dentro da caixa. Os nenos/as teñen que conseguir que a pelota/pompón/bola de papel, pase por todas as pontes. Podemos aproveitar para decorar por qué números pasa.



## **MOTRICIDADE GROSA**

### **PAI-FILLO-NAI OU 3 EN LÍNEA:**

Explicarémolle ós nenos/as queo xogo consiste en conseguir ter 3 “fichas xuntas”. Haberá que facer partidas para ensinarlles en qué consiste facilitarlles o xogo. Cada vez acértese un xogador/a un jugador/a ó tableiro coloca unha. Podemos utilizar calquera tipo de obxecto que se diferencie



### **TRASPASAMOS XOGUETES**

Esta actividade consiste en tener dous recipientes, un cheo de xoguetes/pelotas e outro, ó lado, baleiro. Os nenos/as terán que pasar todos os elementos dun lado a outro utilizando únicamente os pés/pies. Se engadides auga, sempre será máis sensorial e divertido




### **SAMBORI NA CASA:**

Podemos crear este xogo tradicional na casa para pasar un rato divertido. Podemos utilizar folios/cartón ou cinta adhesiva. Explicarémolle os nenos/as que primeiro teremos que lanzar o tapón/pelota no primeiro número e facer todo o percorrido, cun pé, ou o dous. Despois lanzamos o tapón/pelota ó seguinte número e volvemos facer o percorrido e así ata chegar ó final.



### **COR – COR .**

Este xogo consiste en dicir en voz alta unha cor e o neno/a terá que ir correndo a buscar algún obxecto de esa cor e tocalo. Para facelo máis divertido podedes ir dando algunha consigna como, agora temos que buscar a cor dando saltos, agora arrastrádonos polo chan, agora á pata coxa, agora en cuadrupedia, etc.



# ACTIVIDADES CON CONTOS

## “O COELLIÑO BRANCO”

É un conto ben coñecido por todos. Acompañaremos ao coelliño branco na súa aventura.

<https://www.youtube.com/watch?v=C7S8TGTGtKs>



Cando rematemos podemos facer unha marioneta dunha das personaxes do conto, ou varias!



# PSICOMOTRICIDADE



A profe María proponvos estes xogos de psicomotricidade:

## **✚ XOGOS DE SALTO**

Queridas familias :

Traballar e perfeccionar o salto axudará o voso fillo/a a controlar o seu corpo e a coordinar os movementos.

Na escola xa estivemos facendo xogos deste tipo.

Todas as actividades que propoño deben facelas de dous xeitos diferentes:

-saltando cos pés xuntos coma se fose un canguro ou un coelliño.

-saltando cos pés separados coma se fose unha ra ou un sapo.

### Actividades :

-Saltar cara arriba sen moverse do sitio, partindo dunha posición de pé e partindo dunha posición acochado.

-Saltar cara adiante e cara atrás, a un lado e outro lado.

-Saltar avanzando cara adiante, coma se tivesen que percorrer un camiño.

-Saltar pequenos obstáculos ( calquera cousa que teñades pola casa: coxíns,caixas,zapatos...)

-Saltar dende unha pequena altura, procurando facer ben a recepción.

-Saltar dentro ou fóra dun espazo (pode ser un aro, unha tea, un círculo pintado no chan ou formado cunha corda)

## **✚ Xogo das estatuas:**

Este xogo podemos facelo tocando palmas, un instrumento ou escoitando unha música.

O neno/a ten que saltar sen parar e cando para a música ten que quedar coma unha estatua.

Agardo que disfrutedes en familia.

Unha aperta moi grande da profe María.

## MÚSICA



Para traballar aspectos musicais dende a casa, a profe Susana proponvos xogar de xeito divertido na seguinte páxina web: <https://aprendomusica.com/index.html>

Clicades en “INSTRUMENTOS” e podedes xogar a algún dos 5 que hai.

## INGLÉS

Podedes aprender as seguintes cantigas de saúdo e do outono, que son as que comezamos a escoitarna clase. Déixovos o enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=tVlcKp3bWH8>

<https://www.youtube.com/watch?v=dE1n6rITPPk>

Ademais atoparedes actividades de inglés no blog das profes de inglés do cole, aquí vos deixo o enlace para acceder directamente:

<http://englishclubhj.blogspot.com/>

**MOITO ÁNIMO FAMILIAS, ESPERO VEROS AXIÑA!**

**A PROFE OLALLA.**